

VILALBA: 25 Anos da nosa Asociación de Viúvas



Acompañando ás viúvas

Uxío García Amor

Debo confesar que o meu encontro coa Asociación de Viúvas en Vilalba empezou nos primeiros meses do meu ministerio pastoral nesta Parroquia no ano 2001.

Sempre me sentín fraternamente acollido nas xuntanzas da veterana “Asociación de Viudas” e na súa vida comunitaria, que se desenvolve na casa cedida pola nosa poetisa Carmiña Prieto Rouco.

Valeume tamén como estímulo o encontro mensual co grupo de viúvas en que tratamos temas de formación, e algún pequeno achegamento ao papel que desempeñan as viúvas no campo da Biblia.

Basta consultar un Diccionario bíblico para comprobar a numerosa serie de citas en que aparece a palabra “viúva” e as connotacións que leva consigo, como expresión dunha situación humana dorosa, pero tamén alleccionadora.

Recordemos a xenerosidade daquela pobre viúva (Mc.21,1-4) que botou uns céntimos na boeta do Templo, e que mereceu a loanza de Xesús: “esa pobre viuva botou máis que os ricos todos, pois eles botaron do que lles sobrava, pero ela, na súa pobreza, botou o que tiña para vivir”.

Penso que esta loanza é un resumo de moitas outras escenas na que as viúvas manifestan tamén unha sensibilidade e unha tenrura exemplar: Ana, a filla de Paniel (Lc.2,37) que “non se apartaba do templo nin de noite nin de día, servindo a Deus con xaxún e oración”. Ou aquela viúva de Naín (Lc.7,11-17), que choraba polo seu fillo morto, e que recibiu de Xesús o meirande consolo, devolvéndollo re-



sucitado:”Rapaz, falo contigo: ¡érguete!”

Todos estes sentimentos e recordos encheron tamén moitas veces as horas compartidas coas viúvas que fun encontrando na miña vida familiar, empezando pola miña nai que pasou moitos anos na viudez, e que tantas veces me ten evocado a soidade do seu corazón.

Seguramente ela pensaba naquela soidade de María –quizais tamén viúva- que recibiu como regalo de Xesús aquel novo fillo, o discípulo benquerido: “Muller, velái o teu fillo!”...”E dende aquela hora o discípulo acolleuna con el” (Xn.19,26 s.) .

Todo iso é algo do que falamos e rezamos nos nosos “Encuentros”, que con toda razón lle dan título á revista da Asociación, e que nos axudan a abrir o noso fogar comunitario a cantos pasan pola porta.

“Hai que seguir celebrando festexos e máis xuntanzas: a vida evos moi alegre, se lle poñemos boa cara”.